



## Tertulias literarias

### BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA xaneiro – marzo 2020



A programación poderá variar en función da dispoñibilidade

#### 1) **La sonrisa etrusca, de José Luis Sampedro**




Un vello campesino calabrés chega á casa dos seus fillos en Milán para someterse a unha revisión médica. Alí descobre o seu último afecto: o seu neto Bruno, como a el lle chamaban os seus camaradas partisanos. E vive tamén a súa derradeira paixón...

**Entrega: 8 xaneiro**

**Comentario: 22 xaneiro**

#### 2) **Home sen nome, de Suso de Toro**



Un relato de ficción intenso e emotivo onde pairan como teón de fondo os acontecementos da represión en Galicia durante os días do alzamento e os anos da posguerra. Unha reflexión perturbadora sobre a memoria que deita a mirada dun dos verdugos.

**Entrega: 22 xaneiro**

**Comentario: 5 febreiro**

#### 3) **Órdenes sagradas, de Benjamin Black**



A madrugada na que o corpo de Jimmy Minor aparece flotando nas escuras augas da canle, nin o forense Quirke nin a súa filla Phoebe poden intuír ata que punto esa morte vai remover as súas propias vidas. Mentres ela abre os ollos a unha sensualidade descoñecida, Quirke vese de regreso ao inferno da súa infancia.

**Entrega: 5 febreiro**

**Comentario: 19 febreiro**

#### 4) **Dublinese, de James Joyce**



"Dublinese" é unha colección de quince historias curtas escritas por James Joyce que foron publicadas en 1914. Xuntas forman unha representación naturalista da vida da clase media irlandesa en Dublín e nos seus arredores a comezos do século XX.

**Entrega: 19 febreiro**

**Comentario: 4 marzo**

#### 5) **Madres e hijas, relatos recompilados por Laura Freixas**




A relación nai-filla é un tema crucial que só no noso século, a medida que as mulleres escritoras deixan de ser unha rareza, comeza a ter unha presenza literaria notable. Este volume recompila relatos de importantes autoras como Rosa Chacel, Carmen Laforet, Carmen Martín Gaité e Ana María Matute, etc.

**Entrega: 4 marzo**

**Comentario: 18 marzo**

#### 6) **Manual para mujeres de la limpieza, de Lucia Berlin**



Antoloxía de 43 relatos baseados na vida itinerante da autora. Con pouco máis de 30 anos Lucia xa levaba tres matrimonios e catro fillos ao seu cargo. Son relatos dunha lucidez abraiante, escritos con intelixencia, humor e desesperación ao mesmo tempo.

**Entrega: 18 marzo**

**Comentario: 1 abril**